



Presentación e entrega de premios do Correlingua 2019

Concursos do Correlingua 2020

O Correlingua organiza un ano máis os concursos de elaboración do **manifesto**, **vídeo** e **banda deseñada**. O alumnado de ESO e bacharelato poderá participar nos de manifesto e vídeo, mentres que para infantil e primaria está programado o concurso de BD e tamén unha categoría propia no de vídeo.

No 2019 as mozas e mozos que gañaron os concursos de manifesto e vídeo de secundaria pasaron dous días en Alvarella Ecoturismo coñecendo as Fragas do Eume e a súa contorna. As nenas e nenos gañadores da BD e o vídeo de primaria visitaron o PAAR de Campo Lameiro e a Feira do Libro de Pontevedra, onde pasaron a tarde cos contos de Cris de Caldas.

No 2020, para celebrar a vinte edición do Correlingua, ademais da viaxe dun día para primaria e dous días para secundaria, os grupos gañadores gozarán dunha **clase maxistral** no caso da BD e o vídeo e un **obradoiro de creación literaria** para o manifesto que impartirá no centro do grupo gañador unha persoa de recoñecido prestixio no sector audiovisual, artístico e literario.

As bases e os formularios de inscrición están dispoñíbeis en correlingua.gal e o prazo de inscrición remata o **1 de febreiro de 2020**. Recordade que as propostas deberán centrarse no lema do **Correlingua 2020: vinte coa lingua**, que celebra os 20 anos do Correlingua reivindicando o dereito a medrar e vivir en galego.

Festas finais 2020

Podedes inscribir o voso alumnado nas festas finais do Correlingua en correlingua.gal. Xa se inscribiron máis de 5.000 nenas e nenos. Se no voso centro aínda non fixestes a inscrición consultade o calendario e preparade co alumnado a vosa participación no **vinte aniversario do Correlingua!**

Bo Nadal!

Desde o Correlingua queremos desexarvos un bo remate de ano e que o pasedes xenial nas festas! En xaneiro esperámosvos coas baterías cargadas de ideas para celebrar os vinte anos do Correlingua!

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal